

Expediente núm.: 377/2018

Acta da Mesa de Contratación de Apertura dos Sobres «B»

Procedemento: Adjudicación contrato “Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior”

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN: APERTURA DOS SOBRES «B»

Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial, o día 21 de setembro de 2018, ás 10:41 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a adjudicación do contrato de Servizos “Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior”, formada por

Presidente: D. Agustín Reguera Ocampo, Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior

Vogais:

D^a Margarita Mariño Pérez, Secretaria-Interventora Concello

Ausente: D^a Elena Reboredo Fernández, Secretaria-Interventora Adxunta Concello

Secretaria: D^a Patricia Bouzón Rodríguez, funcionaria de carreira do Concello.

Asesoramento técnico. D. Jose Antonio González Ferreira, enxeñeiro de Lagares e Oca, SL.

ANTECEDENTES

1º) Con data 17/09/18 constituíuse a Mesa de contratación e procedeuse a apertura dos Sobres A: documentación administrativa e proposición suxeita a avaliación previa

2º) Consta informe valorativo, de data 21/09/18, do Sobre A, redactado polo enxeñeiro da entidade Lagares Oca, SL, D. Jose Antonio González Ferreira, que no resumo final di:

LICITADORES	*A1	A2	A3	TOTAIS
EPTISA	15,00	14,00	12,00	41,00
IPLAN	15,00	12,00	9,00	36,00
SERYE	15,00	10,00	15,00	40,00

* Os criterios, segundo o establecido no artigo 2.2.8 do Prego de Cláusulas Administrativas: “Criterios que dependan de un xuízo de valor”, son os seguintes

▯ **A.1.** Valorarase como aspecto de especial importancia a metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo, en función da súa adecuación aos obxectivos que se pretenden acadar co PPT; por tal motivo valorarase en primeiro lugar a



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

axeitada formulación do traballo en atención á concreta realidade territorial e social do Concello de Soutomaior. Ata 15 puntos.

▮ **A.2.** *Programa de execución dos traballos (diagrama gantt, diagrama espazo-tempo, inversións mensuais previstas).Ata 15 puntos.*

▮ **A.3.** *A idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos. Ata 15 puntos.*

Deseguido se procede á apertura das proposicións económicas (Sobre B), co seguinte resultado:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	IVE	TOTAL PREZO OFERTADO
EPTISA	14.045,74 €	2.949,61 €	16.995,35 €
IPLAN	14.871,96 €	3.123,11 €	17.995,07 €
SERYE	13.900 €	2.919 €	16.819 €

De acordo co establecido na Cláusula 2.2.7 do Prego de Cláusulas Administrativas, a Mesa acorda o seguinte:

- Poñer a documentación “Proposición económica” (Sobre B) presentada polas licitadoras a disposición da empresa Lagares Oca, SL para a emisión de informe valorativo.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 11:00 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto Acta que someto á firma do Presidente; dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE